

SÓ MIÑA



- E mamá cando volve?, di María, a pequecha, ao seu irmán Xulián, de 18 anos.

Xulián limpa a bágoa que está a piques de caerlle, sorrí e non sabe que dicir... Acto seguido o irmán erguese e vai cara a porta do baño, e cando se dispón a abrir esta, escoitase un berro en toda a casa. Para sorpresa de todos, era a súa nai que estaba ferida no chan, e o seu pai todo cheo de sangue. A irmá tan pronto escoitou o berro correu en dirección ao cuarto de baño. Cando chegou decatouse do que pasaba, e abrazou ao seu irmán maior, xa que tiña moito medo de seu pai. A nena toda desgustada e con bágoas nos ollos lle dixo ao seu pai:

- Por que? Por que?, papá.
- Non me podo crer o que acabas de facer, pensei que a querías -dixo o irmán incrédulo.
- Era miña, só miña -dixo o pai ameazante.

Xulián colleu a súa irmá polo brazo, e levouna para a súa habitación. Deseguido pecharon a porta, para estar protexidos, e chamaron a policía.

Estes non tardaron moito en chegar, pero xa era tarde... Escoitouse algo, era o pai, que se acababa de suicidar cunha pistola. Nada máis chegar, a policía encontrou os cadáveres, do home e da muller, e tamén se levaron aos rapaces.

Despois de facerlle a autopsia, descubriron que a nai morrera desangrada e o pai morrera cinco minutos despois dun disparo na cabeza. Ao final os nenos tiveron que quedar coa súa tía.